

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Anxo González González

Data de nacemento: 1934-10-02

Lugar de nacemento: Trasar de Carballo, Cartelos – Carballedo

Biografía:

Coñecido tamén como don Ángel, don Ánxel, e tras o nome de pila ou sen a necesidade del, «o cura do Incio».

Ordenouse como sacerdote o 28 de xuño de 1959. Nese ano foi nomeado crego de San Xusto de Quindous – Cervantes. De alí pasou a Santa María de Ferreiros de Balboa – Becerreá. En 1964 foi nomeado cura ecónomo de San Pedro Fiz de Hospital do Incio (principal) e tamén de Santa Cruz do Incio (anexo), onde quedou até o seu pasamento.

Foi dos primeiros cregos da diócese en deixar de levar sotana e en dicir a misa en galego. Participou en movementos progresistas e galeguistas como Irimia. Coa democracia entrou na política activa e foi concelleiro no Incio polo PSOE, aínda que deixou cedo os cargos políticos.

Estudoso dos costumes e da música popular, gravou ducias de cintas coas voces das persoas maiores das terras da montaña luguesa.

Morreu o 19 de abril de 2006.

Esta breve biografía é un resumo e adaptación da que o seu sobriño Anxo González Guerra puxo a disposición na rede, e a quen lle agradecemos a autorización para reproducila aquí. Pódese visitar a biografía completa, con fotografías incluídas, na seguinte ligazón:

<http://www.xente.mundo-r.com/incio/vida.html>



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades